



“Era unha desas seranciñas ausentes do mes de Mayo do ano 1378, e cerca da hora en que o bo de Lourenzo, xa canso da carreira do día parez como que se quer acochar. Pardas e pinguiseiras nubes recortadas á trechos por relumbrantes reberetes d’ ouro encobrían o ceo, e facíanlle capa aos paporrubios, aos melros, aos esquirbentes, aos ferreiros, ás bubelas, aos xirins, aos pinzons e a outros moitos paxariños, que cada un ao seu xeito e, como si foran á quen mais pode, cantaban, asobiaban e gorxeaban...”

*O castelo de Pambre* (1895)

# ANTONIO LÓPEZ FERREIRO

(Santiago de Compostela, 1837 – Vedra, 1910)

Foi un escritor, historiador e crego galego, membro da Real Academia Galega, colaborador de diversas publicacións, catedrático no seminario compostelán e un dos pioneiros da novela histórica en Galicia. O seu estilo destaca polo uso dunha linguaxe rica e polas coidadas descrições de acontecementos históricos e elementos arquitectónicos.

## GRANDES ÉXITOS



1894

*A tecedeira de Bonaval*, publicada en 1894, é unha novela histórica coa que podemos adentrarnos na situación de Galicia no século XVI e coñecer os enfrontamentos entre a burguesía e a nobreza naquela época.

*O castelo de Pambre*, publicada en 1895, é unha novela histórica ambientada na Galicia do século XIV na que se debuxan os conflitos entre as diferentes dinastías e as súas loitas polo poder.



1895



1905

*O niño de pombas*, publicada en 1905, é unha novela histórica na que a acción discorre no século XII na contorna do mosteiro de Carboeiro en Silleda.

“Foi o primeiro que fixo novela en galego, agás o antecedente de *Maxina ou a filla espúrea*. Cultivou un xeito de narración histórica, na que fixo gala dun léxico ricaz, ben patente nas tres obras de xénero que saíron da súa pluma, *A tecedeira de Bonaval*, *O castelo de Pambre* e *O niño de pombas*.”

*Historia da literatura galega* (1951). Francisco Fernández del Riego

